

Ermelindo Portela Silva,
García II de Galicia. El rey y el reino (1065-1090).
Corona de España, XXXIV. Burgos. Editorial La Olmeda, 2001.

MERCEDES DURANY CASTRILLO
FRANCISCO JAVIER PÉREZ RODRÍGUEZ
Universidade de Vigo

Esta é a primeira obra monográfica adicada ao rei García de Galicia, unha figura de cotío denostada, criticada e tildada de incapaz pola historiografía. O propio autor propónse precisamente discernir entre o verdadeiro don García e a súa obra política e as elaboracións historiográficas posteriores que sobre el se teñen feito. Don García foi, como amosa Portela, un perdedor, e a súa figura e o seu fazer foron denostados desde o mesmo momento en que perdeu a Coroa por obra dos seus irmáns Sancho de Castela e Alfonso de León. As obras elaboradas

a partires de finais do século XI teñen silenciado e esquecido o proxecto político do rei de Galicia, pois o triunfo de Alfonso VI non facía convinte recordar a obra do irmán vencido. Así, por exemplo, como relata o autor, nos documentos do *alvazir* de Coimbra Sisnando Davídiz o reinado de don García é absolutamente ignorado, facendo practicamente pasarse do reinado do seu pai, Fernando I, ao do seu irmán Alfonso VI. A partir, por tanto, destes momentos, aínda con don García vivo e preso no castelo de Luna, escomenza a fraguarse a comentada imaxe de persoa débil, inútil e incapaz, que alcanzará o seu cumio na historiografía nacionalista do século XIX. Nen desde Galicia nen desde Portugal tense recuperado a figura de García, que recibirá cada vez uns calificativos máis difamatorios.

O mérito e o valor da obra de Ermelindo Portela é colocar a figura de don García no seu xusto lugar, borrando completamente tódalas valoracións negativas que se foron acumulando sobre o monarca ao longo dos séculos. A través das páxinas do traballo ves e como o rei galego tiña un sólido programa político que, ademáis, tentou levar á práctica durante os breves anos do seu goberno. Un proxecto que hai que inserir nun momento trascendental na historia do occidente da Península Ibérica, coa ampliación do reino cara o Sur, a chegada da reforma gregoriana e o desenvolvemento das institucións feudais.

Un dos aspectos máis interesantes é o referente ás relacións que establece o monarca coas distintas forzas sociais dun reino que se extendía desde o Cantábrico ao Mondego. Criado e educado polo bispo Cresconio de Compostela, don García estableceu estreitas relacións co clero do que ía a ser o seu reino. Desde o momento no que asume a Coroa, aceptará a reforma gregoriana e, baixo as súas normas, restaura varias sedes episcopais, demostrando que posúe un claro proxecto político e que pode levalo a cabo. Deste programa o acto máis importante será a restauración da sé de Braga no ano 1071, un feito que ningún monarca tivera afrontado antes ca el. A restauración da sé bracarense, moi debatida historiográficamente, clarifícase na obra de Portela, quen non dubida en adscribirla á iniciativa do rei García a través dunha pormenorizada análise das escasas fontes existentes.

O acto da restauración da sé de Braga amosa o interese do rei no territorio que unhas décadas despois será Portugal. Será no espazo sur do reino onde don García atopará máis dificultades. A nobreza de entre Douro e Mondego enfrontarase ao monarca, que a vencerá na batalla de Pedroso, sobre o río Cávado, no 1071, para o que contou co apoio dos infanzóns portugueses. O autor amosa as relacións de dependencia feudal que don García establece con este grupo de nobres do condado de Portugal. Será precisamente neste grupo nobiliar no que, anos despois, Afonso Henriques se apoie para acadar a independencia portuguesa, vencendo á nobreza coa ligada coa sua nai, dona Teresa, na batalla de San Mamede. De feito, e como o propio autor pon de

manifesto, o proxecto político de don García será continuado -e esta vez con éxito- polo seu sobriño Alfonso Henriques.

Se os infanzóns portuguesas mostraron a súa colaboración ao proxecto do monarca, a nobreza da zona de Coimbra, con Sisnando Davídiz á súa fronte, non tivo a mesma actitude, e buscarán a alianza cos reis de Castela e de León. Neste momento é preciso voltar á orixe do reino de García: no ano 1063, en León, Fernando I repartía o reino entre os seus fillos: Castela a Sancho, León a Alfonso e Galicia a García. Un ano despois, en 1064, Fernando I conquistaba Coimbra e, como resalta Portela, a partir deste momento a división queda claramente descompensada a favor de García, pois o reino de Galicia se amplía ata o Mondego e, ademais, inclúe unha cidade que, económica e socialmente, non ten parangón nos dominios de Fernando I. Consideramos que a importancia que Portela dá á conquista de Coimbra é moi clarificadora para entender os conflitos posteriores entre os fillos de Fernando I, desequilibrando a herencia a favor dun deles, concretamente de García.

A cobiza dos irmáns atopará o seu aliado contra don García na nobreza conimbricense, que chamará a Sancho para loitar contra o rei de Galicia, quen será finalmente derrotado e apresado. Morto Sancho 11 de Castela, a súa actitude cara a García foi continuada por Alfonso VI, que o encerrou no castelo de Luna, nas montañas de León, ata a súa morte en 1090. A boa relación de Alfonso VI coa nobreza de Coimbra amósase nos cargos que o monarca otorgou a don Sisnando Davídiz, primeiro gobernador de Toledo nomeado polo rei trala conquista da cidade.

Como pode comprobarse ante o dito, estamos ante unha grande aportación á Historia Medieval de Galicia e, concretamente, ao século XI, pouco tratado pola historiografía. A figura do rei García recupérase no seu verdadeiro sentido, revalorizando a súa figura e o seu proxecto político, que, unha vez anulado polos seus irmáns, será retomado despois, só na parte sur do reino, por Alfonso Henriques. Estamos, pois, ante unha historia política que trascende a biografía e a narración dos feitos, integrando a figura do monarca na sociedade do seu tempo. Ó fío de don García pódese ver a estrutura e as relacións de poder que se establecen entre o rei, que trata de afianzar a súa autoridade, e a nobreza laica e eclesiástica que, segundo os seus intereses, colabora ou se enfronta ao monarca.

Ermelindo Portela resolve con gran maestría e orixinalidade os problemas que se derivan da escasa documentación e, máis aínda, supera e sabe ler entre liñas e desenmarañar as informacións tendenciosas vertidas nas fontes cronísticas. Non cabe dúbida, pois, que estamos ante unha obra de gran madurez e coa que se da un importante paso non só na Historia Medieval de Galicia, senón tamén da Coroa de Castela, tendo como mérito especial a aportación de novas ideas para un período sobre o que se teñen escrito xa moitas páxinas.